




FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE  
GALEGO

Vigo, a 22 de Xaneiro de 2025.

Á atención dos equipos pertencentes ao **grupo D de Primeira División 2025.**

Pola notificación por parte do Club Xadrez Laroca de ter a un xogador en silla de rodas, infórmase aos equipos correspondentes que conforme ao Regulamento Xeral de Competicións desta Federación Galega de Xadrez no seu Título VIII, artigo 62º apartado 5.7:

5.7. Os equipos que teñan xogadores con discapacidade física, na súa condición de visitantes, terán dereito a que o local de xogo non supoña atoparse con problemas de acceso aos diversos espazos físicos aos que precisan acceder, é dicir, que non conteñan barreiras arquitectónicas do tipo gradúes, ramplas de acceso cunha pendente pronunciada, baños e ascensores non adaptados para cadeiras de rodas, etc. Os devanditos equipos solicitarano vía correo electrónico á FEGAXA. Esta fará constar no calendario de xogo o ou os equipos con estes xogadores.

No caso de ser alineado o xogador con discapacidade como visitante nun equipo diferente ao que está inscrito, o seu equipo deberá notificalo á FEGAXA vía correo electrónico, como mínimo, 72 horas de antelación. Se o xogador, a última hora non vai asistir ao encontro, avisarase ao delegado do equipo local cá máis premura posible.

De non contar o equipo local cun lugar de xogo adaptado, comunicará á FEGAXA e ao equipo visitante a dirección do novo local adaptado alternativo, para xogar esa partida. En caso de non dispor de devandito local, o encontro xogarase no local do equipo con xogadores con discapacidade. As circunstancias que afecten a este cambio documentaranse ante a FEGAXA vía correo electrónico.

De incumplir o equipo local este apartado darase a opción de aprazar dito encontro (tendo en conta o estipulado no apartado 6.1: en ningún caso se podrá aprazar encontro algún nas dúas últimas roldas) ou darase por perdidos todos os seus taboleiros por incomparecencia.



Federación Galega de Xadrez